

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

EN SALVATERRA, DO 4 AO 6 DE SETEMBRO

O Festival de Poesía do Condado tampouco se vende

Dedica a súa 22ª edición a 'Galiza non se vende', unindo de novo poesía e música, proxeccións audiovisuais, recitais e concertos.

Redacción - 17:00 04/08/2008

O [Festival de Poesía](#) do Condado leva máis de dúas décadas disparándolle versos ao ceo, falando da terra, ano a ano dedicando cada unha das súas edicións a afondar nun asunto de actualidade, apoiando "as batallas en favor dos intereses populares e veciñais". No 2008 a loita é '[Galiza non se vende](#)', a agrupación de colectivos sociais e veciñais organizados para a defensa do medio natural e dos intereses da xente fronte aos abusos das grandes empresas e da administración. Algúns dos colectivos que conforman a asociación participarán o sábado 6 nunha mesa redonda, que se celebrará ao mediodía.

As actividades comezarán o xoves 4 co inicio das 'Xornadas Audiovisuais', que se desenvolven nas Covas de Dona Urraca. Alí poderán verse as curtas premiadas no Festival de Cans, e os documentais 'O salario do silencio' e 'As Encrobas. A ceo aberto'. O venres proxectaranse un selección de vídeos de Galiza Nom Se Vende e o documental de Sants.tv 'O AVE de Barcelona a Galiza'. O xoves pecharase nas propias Covas de Dona Urraca co recital de Tino Baz e Marica Campo.

O venres 5, xa na zona das murallas de Salvaterra comezarán os concertos e os recitais poéticos, presentados por Os da Ría. O Leo, Kiko Neves, Carlos Figueiras, Valentina Carro e María Lado estarán acompañados pola música de Ataque Escampe, The Turre's Band, O Sonoro Maxín e Os Corvos (Portugal).

O sábado 6, de novo nas murallas, un novo recital poético-musical, presentado por Luis Caruncho e Pinto d'Herbón, reunirá a Xiana Arias, Alberto Lema, Igor Lugrís, Lino Braxe, Chus Pato, Pilar Beiro, Núria Martínez Vernís (Países Cataláns), Limam Boicha (Saara) ou Isaque Ferreira (Portugal). A música desta vez será cousa de A Quenlla (Galiza), Canto da Terra (Portugal), Tabanka Djazz (Guiné-Bissau) e Pirat's Sound Sistema (Países Cataláns).

Tres décadas de historia

A Sociedade Cultural e Deportiva do Condado nace en 1973, tempos duros nos que a asociación mantivo malia aos atrancos unha actividade moi completa e valente (teatro, concertos, cineclube...), que desembocou na celebración en 1981 do I Festival de Poesía do Condado, celebrado en Mondariz-Balneario. Nese tempo

a sociedade estivo moi vencellada igualmente á edición do xornal A Voz do Condado, e á constitución da Xunta de Viciños do Condado.

O Festival de Poesía só deixou de celebrarse nun periodo de cinco anos, entre 1996 e 2001. Por el pasaron os máis grandes poetas do país, como Méndez Ferrín, Manuel María, Bernardino Graña, Manolo Rivas, M.A. Fernan-Vello, M^a do Carme Kruckenberg, ou o portugués Viale Moutinho... Así mesmo, no ámbito musical pasaron polo festival Suso Vaamonde, Emilio Cao, Amancio Prada ou os portugueses José Afonso, Fausto e Vitorino. E grupos como Fuxan os Ventos, Os Diplomáticos, Milladoiro, Chouteira, Carlos Mejía Godoy y los de Palacagüina (Nicaragua) ou Manecas Costa (Guiné-Bissau).